

PANCHO O PILOTO

Cando se retirou, Pancho o Piloto encontrouse con que as catro rúas da vila non podían conte-la súa humanidade dinámica e volumosa. E por mata-lo desacougo que a inactividade lle producía, por toda a vila andaba a gasta-las forzas de taberna en taberna, facendo gulosas estacións nun *vía curdis* constante.

Andaba o Pancho vermello e inchado coma un centolo, cuncas aquí, copas alá, de barra en barra contando historias mil dos seus milleiros de viaxes pola face da Terra, e todo o mundo celebraba o retorno do navegante por te-lo agasallo da súa voz ronca e do seu peto liberal: os veciños tiñan novo divertimento.

Sen embargo, había un a quen preocupaba a apopléctica presenza do mariño: a don Brais o médico, que discretamente procuraba chama-la atención do Pancho cara a súa saúde, preguntándolle ó cruzalo na rúa:

—¿Qué tal andamos por dentro? —Ó que indefectiblemente respondía o interpelado:

—Imos indo. —E seguía indo cara o próximo bar, sen se importar un chisco con que algunha mala lingua andase xa dicindo que tiña unha cara que parecía o mapa da Rioja, ou con que lle tivesen posto por alcuña a marca aristocrática dun viño daquela rexión, seu favorito...

Ata que tivo o ataque.

Cando se repuxo del, don Brais fíxolle xurar que nin groló de alcohol nin chuchada a cigarro, que niso lle ía a vida.

Ó saír de novo á rúa parecía o Piloto unha sombra do que fora, as cores da cara perdidas, enmagrecido e triste, ollando con envexa o rebolicio das tabernas, sen se atrever a entrar nelas por evita-la tentación.

Agora a quen preocupaba a súa saúde eran compadres e contertulios, ós que lles fallaba o “suministro”. Entre eles todo era dicir que o amigo tiña xa un pe na cova, e laiarse polo tanto.

Pero un día aquela situación acabou. Estourando:

O día do seu santo, despois da enchedeira que ninguén lle puido negar, o Pancho ergueuse da mesa risoño e decidido:

—Señoras e señores... —Chamou ós comensais para si e, ante o escándalo de amigos e parentes e o disgusto da muller, bebeu dun groló unha copa de licor de guindas e meteu dous charutos na boca, argumentando despois de prenderlles lume: —Morra Marta e morra farta...

E outra vez voltou ó seu pletórico deambular polas rúas, cun ollo posto en todo lugar onde se anunciase os típicos “Viños e Mariscos”. Volvéronlle as cores á faciana e de novo todo era contar singraduras polo Mar da China e algeiradas en Acapulco, Conpenhague, na Cidade do Cabo..., sempre rodeado de xente compañeira.

Se o Piloto propuña “mudar de ponla” para tomar “outra máis” ou “botar noutra nécora” e alguén lle recomendaba moderación, ollaba para el con desprecio ó tempo de lle dicir:

—Se cadra morro. —E seguía cara a nova estación, seguro de que o viño non o había de matar...

E o viño non o matou, ó menos co seu consentimento:

Unha tardiña subía o Pancho para a casa, pachorrento e “carregado”, costa do Cristo arriba, cando descendía a mesma costa Minguños o das adegas de repartir ribeiro polo *vía curdis*. Por aforrar “gas” non prendera o motor e viña confiado no freo ata que se deu conta de que lle estaba fallando. Entón tentou prende-lo motor, mete-la primeira...

Pero non puido evita-lo accidente.

(De “O Larvisión e outros relatos”)

XAVIER ALCALÁ (Miguelturra, C. Real, 1947). *Mora na Coruña*.

Enxeñeiro de Telecomunicación.

Novela: *Voltar, A nosa cinza, Fábula* —Prémio C. Coruña 1980 e estatal da Crítica 1981—, *Noas pagas de Huinca-Loo* (trad.: Cristiano Muerto), *Tertulia*.

Tradutor do inglés: *A illa do tesouro*. Letrista da Nova Canción Galega.

Luitador pola lingua: *O galego hoxe* (colectivo).